

BASES SORTEO II RUTA DE PINCHOS 2012

1. O Concello do Barco e a Asociación Empresarial de Valdeorras organizan a II Ruta de Pinchos 2012, que se desenvolverá entre os días 7 e 22 de xaneiro de 2012, ambos incluídos. A relación de establecementos de hostalaría e restauración participantes constan nuns boletos que están nos locais a disposición dos clientes.
2. Os establecementos participantes sortean unha “**escapada relax no Pazo do Castro**”, entre os clientes que percorran a totalidade dos negocios incluídos na Ruta. A “*escapada relax*” consiste nunha noite de aloxamento en habitación dobre, con almorzo *buffet* para dúas persoas, dúas ceas de menú no restaurante, e dous circuitos hidrotermais completos de 1 hora de duración (*jacuzzi*, sauna finlandesa, termas de vapor, duchas de aromas e contrastes e cadeiras quentes).
3. O sorteo desenvolverase da seguinte forma:
 - I. Os establecementos que participan na II Ruta de Pinchos terán os boletos que conteñen os nomes de todos eles a disposición dos clientes.
 - II. Os clientes solicitarán que lles selen o boleto en cada un dos establecementos nos que fagan unha consumición.
 - III. Unha vez que o boleto teña o selo de todos os establecementos da II Ruta de Pinchos, o cliente cubrirá os datos persoais (nome e teléfono) e depositarao nunha urna instalada no baixo do Concello Vello do Barco.
 - IV. Os boletos completados poderán depositarse na urna dende o día 7 de xaneiro ata o día 23 de xaneiro ás 14:30 horas.
 - V. O día 24 de xaneiro, ás 13:00 horas, e en presenza dos medios de comunicación da comarca e de calquera persoa interesada, unha man inocente extraerá un dos boletos, comprobará que ten seladas todas as casas e cuberto o nome e o teléfono.

Extraerase un segundo, co que se realizarán as mesmas comprobacións, como suplente se fora o caso de non poder localizar ao primeiro agraciado no teléfono que figura no primeiro, ou por non aceptar o premio no prazo establecido nestas bases.
 - VI. O gañador será avisado por teléfono e disporá de 15 días naturais para aceptar o premio. O prazo para a aceptación rematará o día 8 de febreiro de 2012.

- VII. Pódese gozar do premio “**escapada relax no Pazo do Castro**” durante toda a tempada baixa do ano 2012, é dicir, todo o ano agás Semana Santa e o período comprendido entre o 1 de xullo ata o 15 de setembro, previa reserva no teléfono 988 347 423 ou no mail info@pazodocastro.com.
4. No caso de non poder localizar ao agraciado titular nin ao suplente no teléfono que figura no folleto de participación, ou de non aceptalo ningún dos dous no prazo establecido nestas bases, o premio quedará deserto e a disposición das entidades organizadoras, que decidirán o que consideren oportuno.
 5. A participación no sorteo supón a plena aceptación destas bases, así como a autorización ás entidades organizadoras para a utilización dos datos de identificación facilitados no acto do sorteo polos participantes, única e exclusivamente para os fins propios desta campaña. Esta autorización faise extensiva á imaxe do gañador para os efectos de publicidade do resultado da campaña. O incumprimento destas bases supón a privación de todos os dereitos que podan derivar da participación na campaña.
 6. As entidades organizadoras xestionarán os datos persoais facilitados polos participantes nesta campaña con estrito cumprimento de todos os requisitos esixibles pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal.

Os datos facilitados polo participante que resulte premiado incorporaranse a un ficheiro automatizado, debidamente inscrito no Rexistro Xeral da Axencia Española de Protección de Datos, e serán utilizados, única e exclusivamente, para os fins previstos nas presentes bases. Non obstante, calquera dos participantes poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través dunha comunicación escrita dirixida á: Asociación Empresarial de Valdeorras, R/ España , nº 1, 32 300, O Barco de Valdeorras.
 7. As entidades organizadoras resérvanse o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como a suspender o sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.

O Barco de Valdeorras, decembro 2011